

CIRCULAR 48-2016

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE MONTAÑA E DAS CATEGORÍAS JUNIOR, PROMESA E VETERÁN

Esgos (Ourense), 12 de Xuño do 2016

Art.1) A Delegación da F.G.A en Ourense e o Concello de Esgos organizará o Campionato de Galicia de Montaña que terá lugar o vindeiro domingo **día 12 de Xuño** na localidade de Esgos.

Art.2) Poderán participar todos atletas nados no ano 1998 e anteriores que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2015/16) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.
 - Segundo acordo de Asamblea os atletas extranxeiros maiores de 18 anos que estén nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galegos.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 7 de Xuño do 2016**. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar o número de dorsal oficial da presente tempada.

Art.4). Deberán comunicarse as baixas ata 45 minutos antes do inicio da proba.

Art.5). Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6). Os atletas deberán utilizar o dorsal personalizado outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7). A saída está prevista para as 11:00 horas diante da Casa do Concello de Esgos. A carreira discurrirá por un percorrido de 13 kilómetros aproximadamente.

Art.8). Haberá postos de avituallamiento para os participantes.

Art.9) Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas que estará aberta ata 15 minutos antes da saída. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas. O



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos

Art.10) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

Art.11). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2015-2016), da R.F.E.A. e da I.A.A.F. por este orden

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 16 Maio de 2016